



CONTRATOS-PROGRAMA

Resolución provisional pola que se fai pública a relación de centros con programas seleccionados, conforme o disposto no artigo 13 da Resolución do 5 de novembro de 2015, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se regulan, para o curso 2015/16, os contratos-programa con centros docentes e se establecen as bases para a convocatoria e selección de plans dirixidos á mellora do éxito escolar nos centros docentes de educación infantil, primaria e secundaria dependentes desta consellería.

Esta publicación abre un prazo de 10 días naturais para realizar reclamacións ou renuncias, as cales se poderán presentar no rexistro único da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia, edificio administrativo de San Caetano s/n, 15781 Santiago de Compostela, ou noutro rexistro propio ou concertado conforme o Decreto 164/2005, do 16 de xuño, así como por calquera dos medios previstos no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común. Ademais de utilizar esta vía, solicítase que envíen unha copia escaneada destas reclamacións ou renuncias ao enderezo electrónico programaseducativos@edu.xunta.es ou, de non ser posible, ao fax núm. 981 546 550 co obxecto de axilizar este proceso.

Santiago de Compostela, 14 de xaneiro de 2016

O presidente da Comisión de selección,

Manuel Vila López

